


GUÍA DIDÁCTICA **XEACRONOS 1º ESO**



Materiais elaborados por:
Ramón Noche Fraga
Miguel Carricoba Armesto

Realizados durante unha licenza
de formación no curso 2013/14



1. *Apuntamentos*

Dispós de dous documentos co mesmo contido pero en distinto formato:

- Un en formato *.odt* para poder editalo cun procesador de textos convencional.
- Outro en formato *Libro* de Moodle, que permite unha mellor visualización do documento en internet.

A idea foi crear un documento base, partindo do proxecto curricular da nosa materia, sobre o que traballar o tema e que pode ser editado e modificado facilmente en cada un dos dous formatos.

Esta unidade parte dunha introdución sobre a forma e os movementos da Terra para logo adicar a maior parte dos seus contidos a cuestións cartográficas.

- 1 A forma da Terra.
- 2 Os movementos da Terra.
- 3 A rede xeográfica.
- 4 Orientándonos.
- 5 Os mapas.
 - 5.1 A escala
 - 5.2 As proxeccións cartográficas.
 - 5.3 Os sistemas topográficos.

Fontes dos apuntamentos (baixo licenza CC)

- [Isaac Buzo](#).
- [Daniel Gómez Valle](#).



2. Recursos

Neste apartado dispós dos recursos web relacionados co tema que usamos nos apuntamentos anteriores e que aparecen sinalados cos iconos de:



Vídeo



Flash



Presentación

Recurso	Descrición
O planeta Terra	Animación sobre a estrutura, movementos e relevo do planeta feita por J.C. Vázquez Mtnez (repositorio ABALAR)
Os fusos horarios	Explicación e actividade interactiva sobre os fusos horarios (Isaac Buzo)
As estacións do ano	Vídeo sobre as estacións do ano (4:56')
Os movementos da Terra	Animación con actividades (educarex)
Latitude e lonitude	Animación con actividades (Isaac Buzo)
Vídeo sobre as proxeccións cartográficas	Explicación das proxeccións cartográficas (practicopedia)
Presentación sobre proxeccións cartográficas	Proxeccións cartográficas: Mercator e Peters; os mapas anamórficos (Enxeñería sen Fronteiras)
O mapa topográfico	Animación flash do banco de imaxes do INTEF (Rosa Leva)



3. Actividades

Neste apartado tes unha serie de actividades de repaso dos contidos e de profundización dos mesmos.

Actividade	Descrición
------------	------------

· Actividade de comprensión lectora	Cuestionario autoavaliabile de moodle
· Actividade en formato LIM de repaso	Paquete de actividades, que inclúe a localización de cidades no mapa mediante coordenadas e un link externo a unha páxina con datos do tamaño real de África.
· Actividade en formato LIM de repaso e profundización do tema	Paquete de actividades de repaso e ampliación realizadas por JL Rodríguez Rodríguez
· Exercicios coa escala cartográfica	Exercicios en formato odt para traballar a escala gráfica e numérica.



4. Obradoiro TIC

Presentámosche unha actividade para que o alumnado desenvolva habilidades relacionadas coas ferramentas TIC, neste caso a **busca en google**, actividade que pretende fomentar estratexias de busca avanzada e criterios de validez dos resultados. Tamén se plantean xogos de busca dos que podes ver aquí as solucións:

I.- O cartógrafo Gerardus Mercator, que da nome a unha das proxeccións máis famosas da historia, naceu no mesmo ano no que se remataba unha das obras mestras da pintura renacentista. O autor desa obra comparte ano de nacemento cun personaxe histórico falecido en 1519 e que pasou a historia coma o primeiro europeo en ver algo...

¿Que é o que viu ese personaxe histórico?

Camiño para respondela:

· Mercator > 1512> Bóveda capela Sixtina > Miguelanxo > 1475 > Vasco Núñez de Balboa> **Océano Pacífico**.

II.- O poeta portugués máis importante do século XX xamais recibiu o Premio Nobel e pasou a súa infancia en Sudáfrica. Nun dos seus poemas máis famosos, que podería traducirse coma "estanco" despídese nos últimos versos dun tendeiro. O apelido do tendeiro, case sen variacións, é compartido por unha saga de actores estadounidenses, cuxo patriarca exerceu de protagonista nunha das películas bélicas máis famosas da historia e é fillo de galego emigrado. Este actor naceu nunha cidade famosa polo acordo de paz que alí se asinou.

¿De que conflito estamos falando?

Camiño para respondela:

· Fernando Pessoa > Poema tabacaria> Esteves > Saga dos Sheen (Estévez) > Martin Sheen > Dayton > **Guerra de Bosnia - Hercegovina.**



5. Enlaces

Aquí tes outros recursos web para que o alumnado reforce ou profundice distintos aspectos do tema.

Link	Descrición
En busca do mapa perfecto	Webquest de cartografía realizada polo Centro Aragonés de Tecnoloxías para a Educación (arquivo descargable con material para o profesor e para o alumnado)
Coñecendo os mapas	Proposta didáctica realizada polo Centro Aragonés de Tecnoloxías para a Educación sobre o proxecto Sextante do MEC (arquivo descargable con material para o profesor e para o alumnado)
As coordenadas xeográficas	Proposta didáctica realizada polo Centro Aragonés de Tecnoloxías para a Educación sobre xeolocalización (arquivo descargable con material para o profesor e para o alumnado)
O planeta Terra e a súa localización	Animación con explicacións e actividades sobre o planeta Terra (repositorio ABALAR)
Colección cartográfica D. Rumsey	Unha xoia da cartografía. Trátase dunha colección privada de miles de mapas de todas as épocas posta baixo licenza CC. Destaca o seu buscador e a posibilidade de descargar os mapas.
Natural Earth Browser	Navegador cartográfico baixo licenza aberta.